

Ramón Nicolás: «Medrar na "Rusia chiquita" marcou a Begoña Caamaño, ela sentiu o orgullo de pertencer a un mundo no que hai que sachar»

[Ana Abelenda](#)

1 de maio de 2026

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2026/05/01/span-langglmedrar-na-rusia-chiquita-marcou-begona-caamanospan/0003_202605SF1P3991.htm

Á escritora homenaxeada o 17 de maio foi, dende nena, «un furacán». Perdeu un zapato na lama e non deixou de xogar... Desandando décadas, vemos a Begoña no Calvario de Vigo grazas a outro «fillo» deste barrio irreductible de Vigo, fiel aos seus sinais de identidade

[Begoña Caamaño](#) (Vigo, 14 de outubro de 1964-Santiago, 27 de outubro do 2014) segue facendo barrio. E facer barrio é facer país, concede [Ramón Nicolás](#) (Vigo, 1966), que comparte coa autora do **Día das Letras Galegas** a complexión intelectual e literaria enraizada en Lavadores, concello que foi independente de Vigo máis de cen anos. Da man de Nicolás recordamos, e percorremos O Calvario, no que arrincou a voar Begoña en **A nena que perdeu un zapato na lama**. Este libro mestura memoria, biografía e ficción, guiado polo amor que deixou a autora de **Morgana en Esmelle**.

O Calvario foi un símbolo potente da transformación exprés de Galicia nos setenta e oitenta, con **illas rurais no corpo adolescente das cidades**. Unha delas era ese barrio no que pasou Begoña os primeiros anos, libres, tan decisivos.

—**Como naceu este libro «pouco ortodoxo», como se coida de advertir?**

—Quixen mesturar a figura de Begoña, a quen admirei como persoa e narradora, e eses paisaxes da infancia dela que foron compartidos por min. E isto é dalgún xeito memoria persoal. Hai memoria, pseudobiografía, ficción, e en función dos espazos tamén algúns datos de historia. Pasamos todos os días por lugares de Vigo que aínda se poden pasear polos que viviu Begoña, cheos de historia e significado. A obra deriva de xeito espontáneo dun traballo de investigación cara a docencia co meu alumnado. Pensei «aquí hai un libro!».

—**Ten este percorrido pola infancia da autora a forza de memoria social e, á vez, feito de conto.**

—O que conto de Begoña está documentado sobre todo en fontes orais, pero hai algo de literatura. Aludín a esa estrutura dos contos e dos relatos. Un dos personaxes que me facilitou a redacción foi Morgana, que me veu da man de Begoña. É Morgana quen coñecía a Begoña moito máis ca min... (ri).

—Con Caamaño revisitamos mitos. Por que escolleu entoar na escrita esta voz mestiza e coral, que é ao tempo a de Morgana, a de Begoña e a súa propia?

—Está a voz de Begoña, estou eu e está a propia Morgana que o sabe todo, si. E que se traslada de espazo coa ollada de Begoña. É importante ese territorio no que ela se formou, o dos primeiros xogos, as descubertas, os seus comezos a cabalo entre o mundo rural e o mundo urbano. E esa presenza tan curiosa, nun barrio como era O Calvario, de dous cines!

—Dous cines no corazón da resistencia. Que sentido e que glamour!

—E pegados eses cines o un ao outro, o Palermo e o Avenida. Creo que iso, Lavadores como territorio cultural e de cinema, influíu moito na visión que vai agromar máis tarde en Begoña, para retratar un mundo mitolóxico.

—Polo que conta, ese barrio vigués das orixes era unha sorte de illa de liberdade.

—Efectivamente, unha illa dos sonhos, algo determinante nela. O barrio do Calvario non era Vigo! Era Lavadores...

—Que quere dicir con iso?

—Que era un barrio marcado, por resumir, por dúas influencias determinantes: o agrarismo e o republicanismo. Un barrio poboado por persoas traballadoras, polo mundo proletario. Na época da guerra foi cando parte da familia dela foi vivir a este barrio de aluvión, e na posguerra aínda reverberaban algúns acontecementos crueis neste espazo. Foi o único lugar de Vigo onde houbo unha resistencia militar ao levantamento militar en tres barricadas. Houbo moitos fuxidos e moitas persoas que perderon a vida. Lavadores era, de feito, «a Rusia chiquita». Así era coñecido... Eu teño familia aquí, en Santa Cristina de Lavadores, que aínda mantén ese nome. E aínda é un lugar onde o pensamento político é de esquerdas. Algo que me chama a atención é que neste barrio sempre gaña a esquerda; é como unha memoria do pasado. Este aire do compromiso e o asociacionismo que hai é potente. É unha cidade en pequeno, na que as persoas se axudan unhas a outras.

—Non debeu de ser doado atopar a memoria dese tempo da infancia, dos anos decisivos e xeralmente ignorados ou tomados como anecdótico menor. Como fixo?

—Non tería sido posible se non fose por esa memoria das persoas que a compartiron comigo (Beatriz, irmá de Begoña, e Maika, a súa amiga da infancia).

—Que os mitos axudan a vivir é unha idea en boga. Como os interpreta Begoña dende os seus «lentes violeta»?

—Na súa revisitación da mitoloxía, ela deulle aos mitos outra ollada. Isto dialoga coas causas que ela abrazaba: o feminismo, a liberdade, o antimilitarismo. Begoña Caamaño era unha persoa non só de discurso, era moi comprometida no día a día coas causas sociais.

—Hai fame disto nos rapaces de hoxe?

—Eu, por experiencia docente este ano, dígoche que é unha figura que arrastra a certa mocidade, que ve nela un referente. Atopar fóra do mundo de Trump alguén así é satisfactorio. E desde o punto de vista didáctico e cultural de Galicia, a que nos brinda a Academia Galega este ano é unha oportunidade de ouro: a de botar unha ollada ao que supuxo o pensamento e a obra de Begoña hai anos e tamén neste momento.

—Era a súa unha coherencia ancorada no orgullo de clase, o orgullo de pertencer á clase traballadora?

—Si, nela sae penso que de maneira natural ese modo de estar e de sentir, pertencendo a un mundo no que hai que traballar e sacchar. Hai un orgullo de clase, efectivamente, o orgullo das persoas que defenden a liberdade e o traballo diario para tratar de facer un mundo mellor.

—Fai pensar en Torre Baró, na película «El 47», con esa xente que reconstruíu as casas con esforzo noite a noite...

—Pode ser, si. Latexa aí unha cousa un pouco parecida, nese aquel de resistir, no esforzo por lograr xuntos obxectivos para a comunidade. Cando Begoña sae do Calvario faino porque a casa na que vive vese afectada pola apertura dun vial novo, unha «navallada»! A súa irmá Bea comentábame que familiarmente non o chegaron a superar. Que de repente teñas unha casa e desapareza como se metesen un coitelo na manteiga é terrible... Marcharon a vivir a Coia, que é outro barrio en Vigo singular, tamén con orgullo.

—Ela era o pensamento en acción?

—Si. Tiña un pensamento que foi formando durante anos e que na súa acción, no seu traballo, incluso no xornalístico, levábo a cabo día a día. Iso evidencia unha maneira de ser admirable. Begoña era moi fiel aos seus principios.

—Expresa o desexo de que exista una liña que una o paso de mulleres escritoras polas rúas de Vigo, desde María do Carme Kruckenberg a Begoña Caamaño. Fagan esa vía literaria!

—Eu díxeno en público nunha presentación na Biblioteca Neira Vilas, que está no barrio. É unha mágoa que non se leve a cabo una liña que una as escritoras de Vigo...

—Sería un soño grande un Vigo literario de Verne a Queizán, pasando por Caamaño, Leticia Costas ou Domingo Villar...

—Claro! Aquí viviu Celso Emilio, e aquí se publicaron os primeiros volumes de *Cantares gallegos*. Vigo ten unha tradición literaria extraordinaria que celebrar.

—Foi realmente Begoña Caamaño «a nena que perdeu un zapato na lama»?

—Foi. O título non é meu, deumo Bea, a irmá de Begoña. Díxome: “Ti non sabes como era Bego de pequena, tiña unha enerxía desbordante! Saíu un día do cole onda un descampado con lama. Estivo xogando tan intensamente que perdeu o zapato na lama e non o encontrou.” Begoña Caamaño era así. Aproveitou ata o último segundo de vida. Dende pequena un auténtico furacán. Na cuberta do libro sae lendo e xustamente descalza dun pé. No número 19, o da casa que tivo de nena e desapareceu.